



RAMÓN MÁIZ  
COMPILADOR

# Cultura, sentido e política

## O(s) sentido(s) da(s) cultura(s) II







## **Cultura, sentido e política**

O(s) sentido(s) da(s) cultura(s) II

**Edita**

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2019  
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro  
15705 · Santiago de Compostela  
T 981 957 202 · F 981 957 205  
correo@consellodacultura.gal  
www.consellodacultura.gal

**Proxecto gráfico**

Imago Mundi Deseño

**Imaxe da cuberta**

Manuel Quintana Martelo. Fragmento de *Memoria 2009*

**Maquetación**

Mabel Aquarés, CB

Depósito Legal: C 2428-2019

ISBN 978-84-17802-11-0

**RAMÓN MÁIZ**  
COMPILADOR

**Cultura, sentido e política**  
O(s) sentido(s) da(s) cultura(s) II



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

(e i)  
ensaio & investigación

## 8 PRESENTACIÓN

- 17 **Cultura, sentido e política**  
Ramón Máiz
- 65 **A interseccionalidade situada e os significados da cultura**  
Nira Yuval-Davis
- 79 **Ver e saber: a contradición das igualdades**  
Geneviève Fraisse
- 93 **Como é que non hai un dereito humano á túa cultura propia?**  
Bartolomé Clavero
- 111 **Ideoloxía e humor en tempos escuros: notas desde Siria**  
Lisa Wedeen
- 141 **Historia, literatura, biografía: os espazos dun diálogo**  
Isabel Burdiel
- 163 **Cara a unha cultura da sustentabilidade (valores, mudanza cultural e ecosocialismo no século da Gran Proba)**  
Jorge Riechmann
- 181 **O lugar das emocións na política**  
Victoria Camps
- 199 **A polémica entre Camus e Sartre: razóns dun desacordo**  
Rosa María Rodríguez Magda
- 217 **O novo sistema internacional e os retos do humanitarismo: a xestión da crise humanitaria e migratoria e das novas formas de violencia directa non política**  
Rafael Grasa

- 233 **A política inmigratoria española no novo escenario: consideracións e propostas**  
Antonio Izquierdo Escribano
- 273 **Os refuxiados na era de Trump: un problema político, non unha crise humanitaria**  
Javier de Lucas
- 289 **A pertenza: símbolos e rituais da nación**  
Montserrat Guibernau Berdún
- 299 **Espectares nacionais, soños étnicos: os mitos europeos e o Rexurdimento**  
Joep Leerssen
- 321 **Lembrar o futuro. Os museos da memoria e o seu rol na construción das identidades culturais**  
Patrizia Violi
- 345 **Paisaxismo e identidade na arte española contemporánea**  
Carmen Pena López
- 381 **De que falamos cando falamos de populismo? «Máis populista será a túa avoa!»**  
Francisco Panizza
- 411 **A dereita radical populista e a integración europea: análise comparativa dos vínculos entre partidos e votantes**  
Margarita Gómez-Reino e Iván Llamazares
- 449 **O populismo radical: entre as promesas de democratización e o autoritarismo**  
Carlos de la Torre
- 465 **Individualismo posesivo e Europa asocial**  
Luis Moreno
- 487 **Da monarquía católica á república virtuosa. O imaxinario político na creación do mundo iberoamericano**  
Anthony Pagden



- 511 **Historia cultural da ambición: políticos e tolos nos inicios do mundo contemporáneo**  
Javier Moscoso
- 527 **Escavando túneles: a danza nos albores do século XXI**  
Ana Abad Carlés
- 541 **Ciencia e relixión: unha historia de guerra?**  
William Shea

# **HISTORIA CULTURAL DA AMBICIÓN: POLÍTICOS E TOLOS NOS INICIOS DO MUNDO CONTEMPORÁNEO**

**Javier Moscoso**

Instituto de Historia

Consejo Superior de Investigaciones Científicas



## INTRODUCCIÓN<sup>1</sup>

Na súa introdución a *A cartuxa de Parma*, sostén Lampedusa que o escritor francés a quen coñecemos como Stendhal se contentaba con modestísimos desexos. Fronte ao afán de riqueza e de poder visible, por exemplo, en *Le Comte de Monte-Cristo* («O conde de Monte Cristo»), de Dumas, e, abofé, na encarnación do arribismo e da ambición desmedida que representa o personaxe de Rastignac en *La Comédie humaine* («A comedia humana»), de Balzac, Stendhal reconece que «as espinacas e Saint-Simon [foran os seus] únicos praceres perdurables»<sup>2</sup>. O autor de *Vermello e negro* evitaba así caer no universo apaixonado do seu máis egregio personaxe, Julien Sorel, epítome da ambición no mundo literario da Restauración francesa.

No que segue, quixera presentar un pequeno capítulo da historia xeral das paixóns humanas. Por unha banda, quixera subliñar a significación cultural da ambición a comezos do século XIX. Pola outra, quixera chamar a atención sobre algúns dos tratamentos, xa fosen físicos ou morais, explícita ou implicitamente empregados para combater as paixóns vehementes. Isto levaranos a examinar algúns dos remedios utilizados nos asilos e institucións de saúde mental, mais tamén noutros moitos contextos. Posto que a ambición se atopaba no centro do debate político e dos acontecementos recentes, a Restauración francesa produciu un número moi importante de tratados sobre hixiene e saúde pública que incluían, con frecuencia, recomendacións para evitar, regular ou restrinxir os estados e paixóns inmoderados. Desde tratados de hixiene militar ata guías de turismo, gustaríame explicar non só as formas culturais en que algunhas mudanzas do corpo poden sentirse, expresarse, reprimirse ou conceptualizarse, senón tamén o

---

<sup>1</sup> Este texto foi realizado a partir do material recompilado no meu *Promesas incumplidas: una historia política de las pasiones*, publicado en Madrid, por Taurus. Alí atopará o lector interesado información adicional sobre a historia e o tratamento da ambición na primeira metade do século XIX.

<sup>2</sup> Lampedusa, Giuseppe Tomasi de (2012): «Prólogo», en Stendhal, *La Cartuja de Parma*, Barcelona, RBA, 9-27. Este prólogo é un fragmento de Lampedusa (1996): *Stendhal*, Barcelona, Península.

xeito en que o estudo desas mesmas emocións e paixóns humanas deita luz sobre fenómenos culturais máis amplos.

## UN ESTUDO DE CASO

O paciente que coñecemos como *monsieur* Nicolas era un home educado, de temperamento nervioso, de constitución delicada e fráxil. Posuía, no entanto, unha intelixencia cultivada; falaba varias linguas e escribía con facilidade tanto en verso como en prosa. O doutor Leuret, un dos máis importantes alienistas da primeira metade do século XIX francés, descríbese como unha persoa caprichosa, dominada polas súas paixóns, disposto sempre a atopar razóns para lanzar sobre os demais a culpa da súa propia imprevisión. A súa estraña conduta conducírao ás fronteiras da miseria. Ao parecer dérase aos excesos na comida e abusara do matrimonio. Tampouco a súa entrada no hospital-prisión de Bicêtre cara a 1830 fora a primeira nunha institución semellante. Moito polo contrario, o protagonista desta historia clínica xa se fixera encerrar nunha casa de alienados de provincias, onde permanecera durante dous anos, primeiro como residente e máis tarde, e contra todo prognóstico, en calidade de subdirector.

Leuret cóntanos na súa historia clínica que comezou por interrogalo. O interno respondeu ás preguntas de bo grado, explicándose de maneira sinxela, elegante mesmo. Transmitiulle ao médico que acudira a París cunha misión do Goberno que non fora recompensada<sup>3</sup>. Como resultado desta traizón, vírase acosado polas débedas. O seu arresto tivera lugar pola súa propia iniciativa. Entrou na garita de garda e exclamou: «Arréstenme!, non teño medios de subsistencia». A policía conduciuno entón á Prefectura, de onde pasou pouco despois á sección de alienados. Mesmo cando a súa detención fora voluntaria, o paciente dicía preferir a prisión, pois a súa acción tiña como obxectivo humillar o orgullo dos seus pais, que non quixeran facerse cargo das súas débedas. Cando a entrevista estivo a piques de concluír, Nicolas solicitoulle ao médico que lle dixese se o consideraba ou non alienado e volveu expresar o seu desexo de ser conducido a prisión. Leuret, porén, non lle deu resposta ningunha e limitouse a sinalar que volverían verse pronto. Mesmo cando creu observar no seu paciente un estado de confusión moi común nos maníacos, a fasquía do rostro de Ni-

---

<sup>3</sup> Leuret, François (1846): *Des indications à suivre dans le traitement moral de la folie*, París, Le Normant.

colas fora correcta, as súas maneiras adecuadas e a súa actitude calmada. Só en ocasións pasara case sen transición da indignación á risa.

Durante o resto do día, no entanto, o interno enfureceuse por todo e contra todos. O doutor foi informado de que o interno entrara nun verdadeiro acceso de manía furiosa, que o seu discurso fora inconexo e a súa faciana vermella, inflamada. Cando foi visitalo ao día seguinte atopouno nunha sala común aos tolos máis violentos, deitado e retido por medio dunha camisa de forza, falando en italiano e en francés, mantendo unha inflexión de voz en harmonía co senso das súas palabras. Repasaba en voz alta a historia da súa vida, unha historia desgraciada e triste, composta de «esperanzas truncadas, expectativas rotas, abandono dos seus, privacións, miseria, detención inxusta, brutalidades odiosas e talvez agora unha morte escura da que os autores quedarán impunes»<sup>4</sup>. Ao dicir do médico, tratábase dun delirio horrible que exaltaba a súa imaxinación e o impregnaba todo dunha anguria inexpresable. O interno queixábase sobre todo do trato recibido de dous vixilantes do hospital. Quería matalos, e dicía: «Che piacere! vedere questi duo corpi morti e ballare! Io faro una vendetta terribile... terribile. Déanme auga. Io faro una vendetta terribile... terribile. Morte ao vixilante! Morte ao médico, e maldición! Sairei de aquí vivo ou morto? Non sei nada»<sup>5</sup>. E así continuaba a repetir: «Io faro...» etc., con voz ameazante e sombría.

É importante subliñar, antes de máis, que o noso protagonista non parece un doente mental. Fíxose deter como unha especie de vinganza. Quere ingresar en prisión para humillar o orgullo dos seus pais. Cre que ten dereito a favores que non recibiu. Describe o seu destino en termos de promesas rotas e expectativas frustradas. Afirmo que foi traizado: polos seus pais, polos seus socios, polos seus amigos. Mesmo cando a palabra «ambición» nunca aparece mencionada nesta historia clínica, só a combinación de ambición truncada e de expectativa rota permite entender a súa situación. Da mesma forma ca moitos outros cidadáns franceses da época, Nicolas non está disposto a aceptar que a súa nacemento determine o seu destino. Coma tantos outros, antes e despois del, a súa actitude aliméntase dunha paixón inflamada e vehemente que reclama o que Tocqueville denomina unha «revolución democrática»<sup>6</sup>.

---

<sup>4</sup> Leuret (1846): *Des indications...*, 35.

<sup>5</sup> Ídem.

<sup>6</sup> Tocqueville, Alexis de (1856 [1952]): *L'Ancien régime et la Révolution*, París, Garnier, 84.

## AS FORMAS CULTURAIS DA AMBICIÓN

A ambición non é, xaora, unha paixón moderna. Malia as múltiples voces que durante a Idade Media e o mundo moderno a teñen asociado coa loucura, co pecado ou co demo, seguiu a formar parte do clima moral e político da Europa dos séculos XVII e XVIII. Os historiadores da economía recoñeceron a súa influencia na formación do capitalismo, o mesmo que os historiadores da política viron a súa sombra no contexto da Revolución Inglesa ou da colonización española das Américas. No Romanticismo, a meirande parte da discusión sobre esta paixón afunde as súas raíces nas fontes clásicas, xa sexa no contexto relixioso ou na súa dimensión laica<sup>7</sup>. En calquera das súas formas canónicas, quer identificada co desexo de riqueza, quer co de gloria ou de recoñecemento, a ambición formaba parte das paixóns que conducían á ruína, á loucura ou á deshonra. Ligada á doenza, comparada moitas veces coa peste ou co cancro, resultado dun desequilibrio humoral, a ambición perdeu durante a Ilustración parte das súas connotacións relixiosas para entrar nun discurso medicalizado do corpo, que perdurou ao longo do século XIX.

Esta é a primeira lección que cabe extraer da lectura dun dos textos máis relevantes para o estudo das paixóns, publicado por Jean-Baptiste Félix Descuret en 1841<sup>8</sup>. Redactado a partir da consulta dunha enorme variedade de casos médicos e historias clínicas, esta «gramática das paixóns humanas», como a denominaba o seu propio autor, pretendía investigar a súa influencia na aparición e o desenvolvemento de diversos estados patolóxicos. A través de centos de observacións e rexistros, seguindo as directrices doutros tantos alienistas, este médico francés tentaba explicar as principais características das paixóns humanas, así como o tratamento hixiénico e moral dos desarranxos racionais ou sociais aos cales esas mesmas paixóns podían dar lugar. A súa topografía emocional incluía, por suposto, as emocións descritas polos grandes compendios da antigüidade, como a avaricia, a ira ou o orgullo, mais adentrábase tamén nalgúns outros estados da relaxación moral, como a gula, a preguiza ou a libertinaxe. A súa prosa obsesiva e

<sup>7</sup> Verbo do capitalismo e as paixóns, véxase o clásico de Albert O. Hirschman (1977) *The Passions and the Interests: Political Arguments for Capitalism before Its Triumph*, Princeton, NJ, Princeton University Press. De modo máis xeral, tamén é recomendable Deirdre Nansen McCloskey (2016): *Bourgeois Equality: How Ideas, Not Capital or Institutions, Enriched the World*, Chicago/Londres, Chicago University Press.

<sup>8</sup> Descuret, Jean-Baptiste (edición de 1851): *La médecine des passions : ou, les passions considérées dans leurs rapports avec les maladies, les lois et la religion*, Liexa, Lardinois.

o seu desexo de exhaustividade conducírono igualmente ao estudo do amor e da nostalgia, da ambición e do coleccionismo.

A ambición, porén, non era unha emoción máis entre outras, senón a forza que guiara a historia recente de Francia. Baixo a súa funesta sombra producíranse os acontecementos de 1789 que conduciran primeiro ao Terror e logo á Ditadura. Nisto a posición de Descuret coincidía co xuízo realizado por outras grandes plumas da Restauración. No seu pequeno tratado sobre as paixóns, publicado en Lausana en 1826, *madame* de Staël, por exemplo, tamén consideraba a ambición como o verdadeiro obstáculo para o benestar das nacións<sup>9</sup>. Como apuntara o médico Alibert, a ambición consistía nunha inopinada necesidade de envexar e desexar a posición dos diferentes en clase ou en nacemento. Era unha paixón composta de orgullo, obstinación e tola esperanza, un desexo violento e continuo de elevarse por riba dos outros, unha sede inmoderada de gloria, de grandeza e de honores, tanto como de riquezas<sup>10</sup>. Para Descuret, que presenciara a epidemia de cólera que se desencadeou en París en 1832, a ambición podía compararse a esa doenza. Para o médico Étienne Tourtelle, a ambición era unha forma de cancro que se alimentaba dos desexos e esperanzas das súas vítimas e que causaba en ocasións unha fatal desesperación capaz de consumir e destruír o corpo<sup>11</sup>.

As mesmas consideracións poden atoparse noutros moitos autores da Restauración. Para Chateaubriand, por exemplo, o rei proletario (que é como este autor se refería a Napoleón) nivelara os rangos sociais, alimentando o orgullo e o amor propio<sup>12</sup>. Para Tocqueville, para Josep de Maistre, para Edmund Burke, ao outro lado do canal, a revolución e a ditadura non podían comprenderse sen a manía da elevación. Para o abate Barruel, por exemplo, a conspiración revolucionaria apoiárase na *Enciclopedia*, na expulsión dos xesuítas, na aniquilación dos corpos relixiosos, na proliferación de libros anticlericais, nos espolios e na violencia perpetrada e xustificada no nome da tolerancia, mais tamén, e esta é a parte que aquí interesa, sobre

<sup>9</sup> Staël, Madame de (1796 [2000]): *De l'influence des passions sur le bonheur des individus et des nations, suivie de* [1813] *Réflexions sur le suicide*, París, Rivages Poche, 87.

<sup>10</sup> Vexas Kete, Kathleen (2012): *Making Way for Genius: The Aspiring Self in France from the Old Regime to the New*, New Haven, Yale University Press.

<sup>11</sup> Tourtelle, Étienne (1823): *Éléments d'hygiène, ou de l'influence des choses physiques et morales sur l'homme, et des moyens de conserver la santé*, París, Rémon, vol. 2, 523; Alibert, Jean-Louis (1825): *Physiologie des passions*, París, Béchot, vol. 1, 330 e ss.

<sup>12</sup> Chateaubriand, François-René de (1849-1850 [2006]): *Memorias de ultratumba*, trad. de José Ramón Monreal, 4 vols., Barcelona, Acanalado, vol. 2, 1337.



os honores da academia, sobre a facilidade para satisfacer as paixóns relacionadas co orgullo e a vaidade<sup>13</sup>. Os ambiciosos, escribía Balzac, «teñen sede dun só tipo de auga que se consegue en certa fonte, e en xeral é auga estancada; para a tomaren, venderían as súas mulleres e os seus fillos, venderían as súas almas ao diaño»<sup>14</sup>.

## CASAS DE ALIENADOS

Esta conexión entre paixóns inmoderadas e eventos políticos foi tamén unha das características máis notables das novas institucións de saúde mental. Despois de 1789, os manicomios enchéronse de persoas cuxa condición remitía, dunha maneira ou doutra, á ambición insatisfeita: Anne-Antoniette-Charlotte Blottere, por exemplo, unha cortesá de Versalles afectada de «delirios de grandeza», permaneceu en Charenton dezoito anos. O 14 de decembro de 1819, Joseph Heim foi diagnosticado de delirio ambicioso sen axitación. Morreu dous anos máis tarde. En Noitevella de 1819, M. Schuller, un varón de 59 anos, ingresou na mesma institución. Saíra da casa en xaneiro e desde entón caera nun estado de tristura, coa presenza de ideas fixas e violentas. O seu delirio? Pensou que podería abrir a *brasserie* máis bela de Europa. Morreu un ano despois, sen cura<sup>15</sup>. Malia que algúns dos internos sofren delirios extraordinarios, a maioría dos síntomas refírense a asuntos e expectativas comúns. No caso de François Geoffroy, ingresado o 13 de abril de 1818, os médicos consideran que o estado deste músico do cuarto rexemento é consecuencia das vexacións ás que foi sometido por parte dos seus camaradas. Unha situación parecida preséntasenos no caso de Grégoire Delaroche, antigo alumno da École polytechnique a quen os seus superiores someteron a diversas inxustizas durante unha viaxe a Metz. Ao seu retorno, Delaroche comezou a ter delirios, a se crer o autor da natureza, capaz de lles guindar troncos aos seus inimigos<sup>16</sup>.

---

<sup>13</sup> Barruel, Augustin (1800 [2005]): *Mémoires pour servir à l'histoire du jacobinisme*, s. l., Elibron Classics, vol. 1, 332.

<sup>14</sup> Balzac, *Le Père Goriot*, 229.

<sup>15</sup> Todas as historias clínicas proveñen de París, do arquivo do hospital de Charenton: Archives départementales du Val-de-Marne, Créteil; Série X: Régistres d'observations médicales de Charenton. *Régistres d'observations médicales, hommes et femmes*.

<sup>16</sup> *Ibidem*, *Histoire* 36.

Os verbos que se utilizan nos rexistros das observacións médicas non deixan lugar a dúbidas sobre a natureza alucinatória ou ilusoria do mal que os affixe. «Il s' imagine»; «il se figure». En moitos casos, o seu estado está acompañado de ideas que se xulgan extravagantes, incoherentes e ambiciosas. *M. Maurel* crese mariscal de Francia. *Joseph Chévalayre* crese traizoado por todo o mundo. *Joseph Ferrand* pensa que a súa muller e os seus fillos queren envelenalo. *Claude Riambourg*, capitán de artillaría, condecorado coa Lexión de Honor, pensa que a súa familia conspira contra el, que queren apartalo da inmensa fortuna que, segundo el, lle legou a súa defunta nai<sup>17</sup>. A mesma situación se atopa no universo das mulleres. *Madame Senleac* pensa que o diaño quere deitarse con ela. *Madame Boulle* crese a criminal máis grande da Terra. A *madame Blanchet* aparéceselle Deus ou cre velo en todas as persoas que se lle presentan. A partir da morte repentina do seu home, *madame Henry* comezou a concibir ideas extravagantes. Cría que debía casar con Luís XVIII. Nada estraño se se pensa que *Jean-François Camiat*, empregado dunha refinaría de azucre, de 30 anos, ingresado o 4 de maio de 1818, se ergueu un día berrando que era o fillo de Luís XVI. Máis tarde creuse Xesucristo. *Louis-Constant Dubuison* non se contentaba con ideas modestas de riqueza ou de *grandeur*. El cría ser o sol<sup>18</sup>. El era nada menos que o sol: «le soleil». *Ignace-François Brosard* era a persoa máis vella do asilo. Fixera había pouco os 100 000 anos. O seu mal comezou coa morte da muller da que estaba namorado<sup>19</sup>.

A maioría destes pacientes pertencían a zonas rurais ou pequenas cidades. Había moitos militares, desde logo, mais tamén outros asociados a profesións liberais. Se a ambición, razoaba *Descuret*, atrapa por igual os académicos, os músicos ou os artistas, é tan só porque ningún estaba disposto a aceptar que a súa posición dependese de ningunha outra cousa ca do propio mérito ou da propia capacidade. Se os novelistas, os escritores, os músicos e os artistas, os militares e os funcionarios sucumben aos feitizos desta paixón desmedida, non é só consecuencia do seu carácter específico ou da súa peculiar fisioloxía laboral, senón resultado dunha migración incontrolada desde a provincia á capital e desde o campo á cidade. Todos eles habitan un lugar específico, urbano. O Goberno real, logo de abolir as liberdades provinciais, escribía *Tocqueville*, e

---

<sup>17</sup> *Ibidem*, *Histoire* 234.

<sup>18</sup> *Ibidem*, *Histoire* 66.

<sup>19</sup> *Ibidem*, *Histoire* 68.

suplantar todos os poderes locais nas tres cuartas partes de Francia, pasou a se ocupar de todos os negocios públicos, desde os máis pequenos ata os máis grandes. Como consecuencia, París deixou de ser a capital e pasou a se converter en Francia. París, sentenciaba Tocqueville, chegou a ser o país enteiro<sup>20</sup>. Era alí onde os novos cidadáns se desprendían da súa pel de provincianos coa idea de acadaren unha posición desde a que divisar un futuro fermoso.

Na súa guía turística dos Alpes, François-Emmanuel Fodéré, catedrático de Hixiene Pública da Universidade de Estrasburgo, explica como, durante a segunda metade do século XVIII, todas as pequenas cidades de Francia tiñan «a manía da nobreza»; unha paixón que chegaba ao punto de que calquera artesán que lograra ter ingresos de mil coroas aspiraba a se converter en conde ou barón. No seu tratado de medicina das cidades e do campo, Jean-Marie-Placide Munaret tamén explicaba como o amor propio recrutaba as súas vítimas no interior das provincias: «É alí —di— onde os profesionais de calquera idade [...] imaxinan que son nomeados cabaleiros da Lexión de Honor, ou membros de dúas ou tres academias provinciais». «Teño a honra de vos facer observar —escribiu Rastignac na novela *Le Père Goriot*, de Balzac—, así mesmo, que só hai vinte procuradores xerais en Francia e que sodes vinte mil aspirantes ao cargo, entre os cales se atopan moitos farsantes que venderían a súa familia para ascenderen un banzo»<sup>21</sup>.

Non hai nada sorprendente neste contraste entre a vida pura do campo e os perigos emocionais da cidade. Mentres que no campo, explicaba o alienista Esquirol, a meirande parte das doenzas mentais se orixinaban a partir de paixóns simples, como o amor, a ira ou as pelexas domésticas, nas cidades e nos centros urbanos a loucura parecía ser o produto das feridas do honor, das ambicións truncadas e das mudanzas inesperadas de fortuna. Xunto coas paixóns naturais, determinadas polo desexo natural de supervivencia, reprodución e perpetuación da raza, é dicir, xunto coas paixóns vinculadas aos instintos e desexos naturais, hai algunhas outras que os médicos denominan *factices* (literalmente, paixóns artificiais ou de ficción), que se atopan na orixe da alteración da razón contemporánea: a ambición, a cobiza, o amor á gloria, a celebridade ou a autoestima. Igual ca Julien Sorel, o mozo protagonista da novela de Stendhal, o habitante da provincia soña cunha vida e un futuro diferentes, aliméntase dos desexos da alma

<sup>20</sup> Tocqueville, *El Antiguo Régimen y la Revolución*, 180.

<sup>21</sup> Balzac, Honoré de (2010): *Papá Goriot*, trad. de Cristina Piña e Mariano Fiszman, Bos Aires, Losada, 279.

antes ca das necesidades do corpo. Os libros, escribía Rousseau, que poderían servirlle de consolo ao campesiño, desgraciado tan só porque cría selo, non semellan feitos máis ca «para que aborrezca o seu estado, estendendo e fortalecendo o prexuízo que llo presenta como desprezable»<sup>22</sup>. Non transcorrera unha legua despois de que se despedise de *madame* de Renal e «xa non pensaba máis ca na dita de ver unha capital, unha gran cidade guerreira como Besançon»<sup>23</sup>.

O caso de *monsieur* Nicolas tamén é moi revelador neste sentido. Igual ca outros moitos, este mozo saíra das provincias pensando que merecía o que nunca foi quen de obter. Chamábase a si mesmo un león, un tigre. Ameaza con matar os celadores e o propio médico. No seu delirio, mencionaba algúns dos «seus irmáns de infortunio». Un deles é, como é lóxico, Jean-Jacques Rousseau. Envenenados polas falsas ideas que fixeron de si mesmos, «non querendo pasar por pailáns, aborrecen da vila [...] e van á capital, onde [...], despois de levaren unha vida infame, morren na miseria e deshonorados»<sup>24</sup>. A voz de Jean-Jacques Rousseau constitúe, en efecto, unha excepción ao clima xeral que valora a cidade por riba do campo, o sofisticado por diante do sinxelo ou o luxo por riba da felicidade. A súa reivindicación do natural fronte ao civilizatorio percorre, efectivamente, o conxunto da súa obra filosófica: desde os discursos á máis famosa das súas novelas, *Julie ou la Nouvelle Héloïse* («Xulia ou a nova Heloísa»), publicada por vez primeira en 1761. Desde as primeiras páxinas, o filósofo móstrase disposto a combater ese frívolo resplandor que cega os necios. Ao abrigo dos praceres imaxinarios, «os habitantes amoréanse, apíñanse en tan só uns puntos do territorio, deixando o resto ermo e deserto»<sup>25</sup>.

## O TRATAMENTO DA AMBICIÓN

Distinguen os tratados entre os remedios denominados «hixiénicos» e os remedios morais. Entre os primeiros recoméndanse a vida campestre, os paseos prolongados, por veces a caza, cando as forzas do doente o permitan. Posto que un dos primeiros efectos da ambición consistía en alterar as dixestións, a alimentación debía ser lixeira e

<sup>22</sup> Rousseau (1761 [2013]): *La nueva Eloísa*, edición de Lydia Vázquez, Madrid, Letras Universales, 130.

<sup>23</sup> Stendhal (2015): *Rojo y negro*, trad. de Antonio Vilanova, Barcelona, Penguin Clásicos, 264.

<sup>24</sup> Rousseau, *La nueva Eloísa*, 131.

<sup>25</sup> Rousseau, *La nueva Eloísa*, 132.

a bebida refrescante. Hai que procurar, así mesmo, aumentar as horas de sono e acompañar o descanso con baños tépedos e friccións apropiadas. Para o médico Olivier, da Facultade de Medicina de Montpellier, algúns dos efectos da ambición combátense moderando os desexos e mostrando que a felicidade só se atopa no que el mesmo denomina «a honesta mediocridade» e a grata medianía<sup>26</sup>. Posto que a ambición se incubaba na infancia, os tratadistas recomentan combatela non xa desde a infancia, senón desde o mesmo nacemento<sup>27</sup>. No que respecta ao contido da educación, non haberá que se exceder cos fillos nin nas loanzas nin nas recompensas; así como tampouco haberá que gabar en exceso a súa beleza ou a súa intelixencia<sup>28</sup>. A mellor educación moral consistirá, pola contra, naquela que permita fatigar o ambicioso por medio de obstáculos cada vez máis complexos, de xeito que, sendo humillado o seu orgullo, chegue el a comprender a irrelevancia dos obxectos que o seducen e a incerteza das recompensas que o esperan. Haberá que lle facer ver con frecuencia a situación de individuos de posición moito máis infeliz, afastalo das grandes cidades, sobre todo da corte, dos arribistas e dos novos ricos. Haberá, finalmente, que procurar que busque a amizade de homes contentos da súa sorte e da súa fortuna, así como reeducar a súa imaxinación, escribe o médico Ménuret, «mediante o traballo e a mediocridade»<sup>29</sup>.

Sempre que o ambicioso non sucumbise por completo á manía, o mellor medio para evitar os seus desvaríos consistía en distraelo con ocupacións agradables que incluían, en case todos os casos, a recomendación de viaxar ou regresar ao campo. Non hai doenza nin mal orgánico causados polas paixóns para os que o doutor Vitet, no seu monumental *Le Médecin du peuple* («O médico do pobo»), non recomende o retorno a unha vida rural:

As paixóns, particularmente a cólera, o odio e os celos, cando se acompañan de falta de apetito, perturban sensiblemente as funcións do estómago, o cal adoita conducir a un

<sup>26</sup> Ollivier, Alain (1856): *Étude physiologique et médicale sur les passions* [tese], Montpellier, Faculté de Médecine, Baldy et Roger, 105.

<sup>27</sup> Munaret (1840): *Du médecin des villes et du médecin de campagne : mœurs et science*, viii. Para Munaret, non só se esquecen nas escolas as relacións do home san co home doente; tamén se esquece a relación entre a física e a moral, así como a dos elementos físicos cos obxectos externos, e da moral coas fases variables da sociedade. É tamén tarefa do médico, engade, observar a relación da sociedade coa arte de consolar, de preservar e de curar.

<sup>28</sup> Ollivier, Alain (1856): *Étude physiologique et médicale sur les passions* [tese], Montpellier, Faculté de Médecine, Baldy et Roger, 106.

<sup>29</sup> Ídem, 31.

sentimento doloroso na rexión epigástrica e dixestións laboriosas, a miúdo acompañadas de diarreas. Para combater estes efectos, dispoñede que o doente se afaste tanto como sexa posible das ideas que o atormentan, que viva no campo, que monte a cabalo dúas veces ao día, facede que prefira o alimento vexetal, que non frecuente máis ca compañías xoviais e que non consulte con médico ningún<sup>30</sup>.

Nos dez volumes que compoñen esta influente obra, publicada en 1804, practicamente non hai doenza de orixe pasional cuxo remedio non inclúa a recomendación de enviar o doente á contorna rural. A apoplexía, a parálise, o frenesí, a epilepsia, a catalepsia, a eclampsia, a contusión, o espasmo ou a convulsión, cando sexan resultado de paixóns violentas, combátense con viaxes polo campo<sup>31</sup>. No caso dos doentes coléricos, a solución é o campo. Para os melancólicos, os monomaníacos, tamén o campo. Para toda xente de negocios e artistas, particularmente obreiros varudos, de temperamento sanguíneo, que fixesen fortuna abondo para abandonaren o seu traballo e que padezan afeccións hipocondríacas, nada como a honesta actividade labrega e o paseo pintoresco. Para aqueles casos máis extremos, non só cabe recomendar meter o paciente no campo, senón tamén meter o campo, xa sexa por vía oral ou por vía rectal, no corpo do paciente. Os libertinos, por exemplo, non beberán máis ca leite de cabra ou de mula; os hipocondríacos, infusión de valeriana. Nos casos máis graves de síncope pasionais, haberá que «cubrir cunha compresa de mostaza as pernas e as coxas [do paciente], introducir nos ollos unha ou dúas gotas de álcali volátil, mesturado con auga a partes iguais, verter no nariz e na boca tintura de asafétida e introducir polo ano unha forte infusión de flores de montaña [*bétoine de montagne*]<sup>32</sup>.

A posición de Vitet non é un caso illado. Durante a primeira metade do século XIX, cóntanse por decenas os textos de tratamento moral da doenza nos que se recomenda viaxar ao campo. Ao final da súa tese de doutoramento sobre o tratamento moral, Jean-Côme Piétri declara que os espectáculos e os paseos forman un grupo interesante de remedios morais, pero o máis eficaz de todos eles é o espectáculo da natureza nos seus diferentes aspectos. Só a contemplación da natureza, explica este mozo doutor, é capaz de distraer e de ocupar o doente ata

<sup>30</sup> Vitet, Louis (1804): *Le Médecin du peuple ou traité complet des maladies dont le peuple est communément affecté : ouvrage composé avant la Révolution française*, 10 vols., Lyon, chez les frères Perisse, vol. 4, 9.

<sup>31</sup> *Ibidem*, vol. 1, 197.

<sup>32</sup> *Ibidem*, vol. 3, 180-181.

o extremo de el afastar de si o sentimento do seu mal. «Só a contemplación da natureza permite gustar do benestar indefinible que se sente ante a visión dunha bela pradeira»<sup>33</sup>. Nunha tese fascinante no tratamento moral da doenza mental, Jean-Jacques-Philippe Mathieu compara as formas de tratamento baseadas na conmoción e a descomposición do paciente por medio do medo coa forza, igualmente sorprendente, producida pola beleza. O remedio para as ideas fixas atópase na presenza doutras paixóns máis fortes que actúan como un contrapoder fronte á ditadura á que o corpo foi sometido. A combinación do medo e da beleza, da dor e do pracer, servirá, en palabras de Mathieu, para contrarrestar o orgullo co patriotismo, o egoísmo coa relixión, a ambición coa insignificancia<sup>34</sup>.

Esta combinación de dor e pracer, esta correspondencia entre o terror e a beleza, ten un nome. Chamámoslle, a partir da obra de Edmund Burke ou Immanuel Kant, «o sublime», un concepto que adoita limitarse ao eido da estética e a teoría da arte. Mais nin na teoría nin na práctica foi o sublime un concepto alleo ao tratamento moral da ambición. Pola contra, a invocación deste sentimento como unha forma de *ébranlement*, como unha sacudida estética capaz de aterrorizar a imaxinación ata o extremo de poder reintroducir un equilibrio na economía moral das paixóns, atópase en fontes de moi distintos tipos. O médico Alibert, por exemplo, recórdanos que, na antiga Grecia, os discípulos de Esculapio lles recomendaban aos ambiciosos dirixirse aos cumios do monte Osa e contemplar desde alí os cantís aos que foron guindados os titáns. Neste monte, escalado no seu día por Alexandre Magno, o ruído das correntes do Peneo, mesturado co estrépito do vento, servía para convencer os soberbios de que as glorias futuras estaban lonxe de mereceren a felicidade da seguridade presente. Un dos documentos máis interesantes a este respecto é a tese de doutoramento lida na Facultade de Medicina de Estrasburgo en 1824, obra de Jean-Baptiste Collin. Se ben o comezo da tese se abría cun pequeno tratado sobre as paixóns do home e a súa influencia sobre a economía animal, a segunda parte contiña un ensaio sobre os sentimentos do belo e o sublime considerados como tratamento moral das paixóns<sup>35</sup>. Ao xuízo des-

<sup>33</sup> Piétri, Jean-Côme (1836): *Sur l'influence du moral dans le développement et le traitement des maladies* [tese], París, Didot le jeune, 21.

<sup>34</sup> Mathieu, Jean-Jacques-Philippe (1832): *Traitement moral des maladies* [tese de doutoramento], París, Université, 11.

<sup>35</sup> Collin, Jean-Baptiste (1824): *Des passions de l'homme : et de leur influence sur l'économie animal ; avec un essai sur le sentiment du beau et du sublime, considéré comme traitement moral des passions* [tese sostida na Facultade de Medicina de Estrasburgo, 1824], Estrasburgo, F.G. Levrard.

te autor, o mellor remedio para combater a epidemia de ambición requiría enfrontarse ao que o filósofo Immanuel Kant chamara o «sublime matemático», un sentimento de dor que xorde da apreciación estética das magnitudes da natureza (ou da historia) e que combina o terror presente na imaxinación co pracer da resistencia da vontade.

Nun estudo pioneiro sobre a relación entre o romanticismo e o alpinismo, a historiadora norteamericana Marjorie Hope Nicholson examinou o que ela mesma denominou unha «revolución do pensamento», a mesma revolución que conducira as primeiras xeracións do século XIX ás mesmas montañas que poucas xeracións antes foran consideradas obxectos desprezables. Anticipando algunhas das formulacións da nova historia das emocións, Hope Nicholson falaba dunha dinámica sensorial que permitira unha modificación das paixóns e emocións estéticas. Nun libro moito máis recente, Ann C. Colley deu conta do esgotamento do sublime no decenio de 1830<sup>36</sup>. Entre ambas, téñense publicado importantes obras que relacionan o mundo do alpinismo coa xeoloxía ou coa cultura de masas. As razóns argüídas por todos estes autores relativas ás circunstancias que propiciaron o desenvolvemento do alpinismo son todas sólidas e compatibles coa evidencia proveniente dos textos de viaxes e viaxeiros que comezaron a aparecer a primeiros do século XIX, xa fose no ámbito científico ou no comercial. Engáñanse, ao meu xuízo, aqueles académicos que pretendan explicar os desexos de elevación sen teren en conta o universo emocional relativo á historia da ambición, por unha banda, e os remedios morais ou os tratamentos hixiénicos propostos para a combater. Nunca a igualdade e a liberdade estiveron máis afastadas entre si ca nos cumios dos Alpes. O xogo dunha vontade libre, capaz de se sobrepor á paixón máis forte que a imaxinación fose capaz de aturar, constituía o epítome do retorno da cidade ao campo. Nunca antes de 1830 se escalou un só monte en Europa movido o individuo pola ambición. Polo contrario, o turismo do sublime formaba parte da regulación romántica das paixóns, da humillación dos mesmos sentidos de todos aqueles que, cegos de ambición, creran igualarse aos deuses.

O retorno ao campo, a subida aos Alpes, a ascensión e a negación da axencialidade fronte ao destino cruel, o medo producido pola observación da inmensidade da natureza e da historia tiveron o efecto sorprendente de humillaren os sentidos, de frearen a imaxinación, de limitaren as paixóns, de mostraren as bondades da humilde medio-

<sup>36</sup> Colley, Ann C. (2010): *Victorians in the Mountains: Sinking the Sublime*, Farnham, Ashgate. ISBN-13: 978-1409406334 [recibido o 10/10/2014].



cidade. Quizais sexa certo, como dicía o pensador liberal Isaiah Berlin, que somos máis os herdeiros do Romanticismo do que o somos da Ilustración. Esta é unha idea sorprendente que foi difícil de discutir, sobre todo porque aínda temos a sensación de que o Romanticismo ten que ver coa arte e os valores estéticos. O que chamamos Romanticismo, porén, quizais poida conceptualizarse mellor se pensamos que con esa palabra nos referimos tamén ao conxunto de prácticas relacionadas co que chamei aquí o tratamento moral da ambición.

## CONCLUSIONES

Desde os días en que Lucien Febvre escribiu o seu agora famoso artigo sobre a historia das emocións, o estudo das vantaxes e inconvenientes da historia para a vida, por utilizar a expresión de Nietzsche, converteuse nun problema cada vez máis premente. No último parágrafo dese texto, o historiador francés avogaba por unha nova conexión entre a vella e a nova historia; por unha historia sentimental de rexurdimentos e resurreccións. Debaxo da historia coñecida de Europa, escribiron Horkheimer e Adorno nun fragmento moi pouco citado da súa *Dialektik der Aufklärung* («Dialéctica da Ilustración»), «circula unha historia subterránea sobre o destino dos instintos e as paixóns humanas, reprimidos e distorsionados pola civilización». Malia todas as súas limitacións, a historia das emocións ou, como eu prefiro chamarlle, a historia das experiencias pode axudarnos a destapar esas historias subterráneas, esas verdades «sen aparencia [de verdade]», como gustaba de dicir Foucault. Se estamos interesados nas emocións non é porque consideremos que calquera cousa deba ser historizada, ou porque queiramos pór en cuestión a posición universalista dalgúns científicos naturais, senón porque queremos volver á historia explicativa, porque queremos explorar as conexións entre as emocións e a mudanza social, ou, se se prefire unha formulación máis académica, porque, usando as palabras de Jules Michelet, queremos saber como poderíamos administrar os bens dos vivos sen sermos os administradores das emocións dos mortos. «Para vulgar un home —escribía Balzac—, hai que estar polo menos no secreto do seu pensamento, das súas desditas, das súas emocións: non querer coñecer da súa vida máis ca os acontecementos materiais é facer cronoloxía, a historia dos necios»<sup>37</sup>.

---

<sup>37</sup> Balzac (2014): *La piel de zapa*, trad. de Marcos Mayer, Bos Aires, Losada, 97.